

CICLO "ENTRE... E A ARTE"

Entre a Comunicación e a Arte

Consello da Cultura Galega
Santiago de Compostela
Xoves, 5 de abril de 2018



CONSELLO
DA CULTURA
GALEGA

A idea deste ciclo é falar da arte pero desde outras disciplinas e visións. Establecer pontes desde os outros coñecementos cara á arte, non desde a arte cara aos outros coñecementos. Serían visións desde pensamentos máis ou menos estruturados, sobre a arte ou sobre como pensan eles a arte e a creación. Achegarán unha visión para os artistas desde outros coñecementos, que ampliarán actuacións na propia arte. A dirección non é desde a arte cara a eles senón desde eles cara á arte. Non se trata, polo tanto, dun intercambio de posicións entre artistas e axentes implicados na arte senón dunha recepción desde a arte de pensamentos, criterios e modos de enfocar que teñen outros pensamentos en principio alleos á propia arte e á xeración de obra artística. Do contraste de ambas as posicións preténdese que poidan achegarse á práctica ou ao pensamento artístico datos que permitan precisar, modificar ou axustar a creación dos artistas. De provocar e producir cruzamentos e entrecruzamentos con respecto a disciplinas e coñecementos que poidan ter un modelo de interpretación ou ben poida considerarse que o seu modelo de interpretación da arte é de interese para os propios artistas.

A primeira xornada centrouse na **Tradución e Paratradución**, coa opción **Entre o Pensamento e a Arte**. Corresponde agora propoñer a segunda xornada, **Entre a Comunicación e a Arte**.

A proposta aborda a visión da arte desde os coñecementos en Ciencias Sociais e Comunicoloxía. A cuestión é reflexionar sobre as imaxes artísticas desde a circulación das imaxes en xeral, non necesariamente artísticas, nos medios, nas redes sociais e en Internet. Pretendemos o recoñecemento de como a imaxe viaxa, se distribúe, se expande ou licúa na comunicación específica de Internet, o que mostraría unha especificidade moi característica da circulación de mensaxes e imaxes, que poden ser usadas polos artistas.

Imaxe: Manuel Quintana Martelo

PROGRAMA

Sesión da mañá

10:00 horas
Presentación

10:30 horas
Reboot: sociedade e tecnoloxía reiniciando as idades da comunicación

Intuícións e reflexións sobre os trazos distintivos da comunicación na súa prehistoria e na súa historia: a focalización en obxectos e ideas con fins asociativos e de construción social que ao longo do tempo se serviu da oralidade, a escritura, as industrias culturais e ultimamente, aínda que non como final senón como reinicio, das tecnoloxías dixitais socializadas.

DANIEL MARTÍ PELLÓN. Profesor da Universidade de Vigo, Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación. Especialista en comunicación e estratexias de construción de discursos.

11:30 horas
Pausa

12:00 horas
Hello World. Arte nun contexto post-Internet

A partir do xurdimento de Internet –e inmersos nun irreversible proceso de dixitalización–, vivimos nun mundo moldeado polos algoritmos de intelixencia artificial, o diñeiro electrónico ou o Big Data. Neste novo contexto, máis alá do soporte elixido polos artistas, xa podemos afirmar que toda a arte actual é post-Internet. A tecnoloxía xa non pode ser considerada como unha ferramenta de produción, senón como a contorna dentro da cal a obra se produce.

GUSTAVO ROMANO. Artista visual e comisario. Desviando da súa función habitual obxectos de uso diario ou mecanismos tecnolóxicos, reflexiona sobre a rutina e o rol do suxeito na sociedade de

control fortalecida polas novas tecnoloxías da información. En 1995 funda o sitio web Fin del Mundo, unha das primeiras plataformas de exhibición e difusión da net art en Iberoamérica. Responsable do proxecto NETescopio, arquivo de obras de arte na rede do MEIAC de Badaxoz.

Sesión da tarde

17:00 horas
Volver onde nunca estivemos

Unha historia particular: a sociedade, a arte e eu imos cumprindo anos. (Lamento o do eu pero o narcisismo está aquí para quedar).

BORJA CASANI. Periodista e editor, fundador e director da galería Moriarty e de revistas como *La Luna de Madrid* e *Sur Exprés*. Desde 1994 dirixe o selo musical El Europeo-Música, especializado en flamenco, jazz e canción de autor. Actualmente é editor executivo da revista *El Estado Mental*, un proxecto multiplataforma de observación, creación, acción e outras cousas terminadas en -ón, con vocación colectiva, aberto a todo tipo de propostas afíns, producido e coordinado por un grupo de editores, escritores, artistas e periodistas desde Madrid e Barcelona, así como desde outras cidades de Europa, América Latina, Estados Unidos e Asia.

18:00 horas
Coloquio
Modera: **Asunta Rodríguez**

Daniel Martí Pellón
Gustavo Romano
Borja Casani

ORGANIZA

Sección de Creación e Artes Visuais Contemporáneas (CCG)

COORDINA

Miguel Fernández-Cid

Jesús Pastor Bravo

Asunta Rodríguez

LUGAR

Consello da Cultura Galega

Pazo de Raxoi, 2º andar

Praza do Obradoiro, s/n

15705 Santiago de Compostela

Tel.: 981 957 202 / Fax: 981 957 205

INSCRICIÓN

A inscrición é gratuíta.

O número de prazas é limitado (100 persoas).

As prazas cubriranse por rigorosa orde de inscrición.

Entregarase diploma acreditativo de asistencia á xornada.

Para obter o diploma é preciso asistir ao 75 % das sesións.

MÁIS INFORMACIÓN

www.consellodacultura.gal

difusion@consellodacultura.gal

Consulta os materiais en <http://consellodacultura.gal/mediateca>

